

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2019 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17, punto 1.b) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

Estas axudas foron concedidas coas solicitudes presentadas ata o 1 de setembro de 2019, de acordo co artigo 11.3 da citada orde.

En consecuencia,

RESOLVO:

Ordenar a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, das axudas concedidas con cargo á Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2019, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2019).

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



ANEXO

1. Finalidade: axudas a proxectos colectivos que contribúan á conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables.

2. Financiamento: aplicación orzamentaria 15.03.723A.770.1, proxecto contable 201600293, cofinanciada nun 75 % polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e o 25 % pola Comunidade Autónoma.

3. Beneficiarios e axudas concedidas de solicitudes presentadas ata o 1 de setembro de 2019:

Expediente	NIF	Entidade beneficiaria	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Total
PE209B_2019_027	G36013712	Confraría de pescadores de Bueu	12.225,50 €		12.225,50 €
PE209B_2019_028	V36016962	Confraría de pescadores de Pontevedra	15.265,00 €		15.265,00 €
PE209B_2019_030	G15032642	Confraría de pescadores de Rianxo	44.733,75 €		44.733,75 €
PE209B_2019_031	G15033103	Confraría de pescadores de Camariñas		17.917,32 €	17.917,32 €
PE209B_2019_032	G15035108	Confraría de pescadores de Mugarbos		80.000,01 €	80.000,01 €
PE209B_2019_033	G15035108	Confraría de pescadores de Mugarbos		47.420,59 €	47.420,59 €

